



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,  
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**CEIP A.D.R. CASTELAO**

Rosalía de Castro 12, 15920 Rianxo  
Tfno.: 881866861- Fax: 881866862  
[ceip.castelao.rianxo@edu.xunta.es](mailto:ceip.castelao.rianxo@edu.xunta.es)

**CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º e 4º de EP), AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS TEXTO (1º e 2º de EP) E MATERIAL ESCOLAR 2023/24.** (DOG 94 do 19/05/2023).

O alumnado que no vindeiro ano académico cursará **5º e 6º de EP** queda excluído da participación no fondo solidario de libros de texto por pertencer ao proxecto EDIXGAL. Non obstante poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar.

A solicitude será **ÚNICA** para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24. Presentándoa en sede electrónica será **INDIVIDUAL**, e dicir, **unha para cada alumno/a**.

Prazo: Remata o día 21 de xuño de 2023.

Presentación solicitudes:

Hai tres maneiras de presentar a solicitude:

- A) De xeito manual e presencial, e presentalas na Conserxería ou Secretaría do Centro.
- B) Con creación de solicitude na aplicación e presentación presencial na Conserxería ou Secretaría do Centro.
- C) Na sede electrónica da Xunta de Galicia (con número de solicitude) <https://sede.xunta.gal>. Con creación de solicitude na aplicación e presentación electrónica (IMPORTANTE: Por cuestións técnicas, a presentación electrónica esixe que se presente unha solicitude individual para cada alumno beneficiario)

**Recibidas as solicitudes chamarémoslles para darlles o número de rexistro.**

Documentación a presentar:

1. Anexos I e II. dispoñibles na aplicación informática «fondolibros» (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) e na páxina web do colexio <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaorianxo/> **E MOI IMPORTANTE QUE NON ESQUEZAN ASINAR ESTES ANEXOS.**
2. Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor

**Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:**

- **Certificado ou volante de convivencia.**
- **Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.**

(Todos os datos da solicitude son referidos ao **31 de decembro de 2021** agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica).

Para calquera dúbida chamar ao teléfono do Colexio: **881866860**

Recordámoslles que regularmente visiten a páxina web do Centro

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaorianxo/>) para seguimento do proceso.